

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dezaioito de outubro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D.^a Elisa Pestonit Barreiros, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 11 de outubro de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 11 de outubro de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución do 30 de setembro de 2022, de Augas de Galicia, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 23 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento AU301C). DOG núm. 196, do 14-10-2022.

- Resolución do 7 de outubro de 2022, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se publica a relación de festas laborais para o ano 2023. BOE núm. 247, do 14-10-2022.

- Orde TMA/975/2022, do 22 de setembro, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, pola que se aproba a revisión do Plan Director do Aeroporto da Coruña. BOE núm. 249, do 17-10-2022.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 7 de outubro ao 13 de outubro do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1733/2022 e rematan coa Resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras núm. 1753/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
1733/2022	07-10-2022	Aprobación da xestión padroal baixas do mes de setembro 2022
1734/2022	07-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social alimentación a D.C.R.R. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1735/2022	07-10-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 11 de outubro de 2022
1736/2022	07-10-2022	Concesión, denegación e baixa de bonificacións 3º trimestre 2022 – Taxa por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros e na prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais
1737/2022	07-10-2022	Concesión, denegación e baixa bonificacións – 3º trimestre 2022. Bonificacións auga familia numerosa ou vivendas nas que convivan máis de cinco persoas
1738/2022	10-10-2022	Tramitación de decretos para caducidade dos expedientes 07/107/05 e 15/35/05 por construción de muro na rúa Zeppeling, Polígono de Espírito Santo, Cecebre.
1739/2022	10-10-2022	Autorización modalidade teletraballo
1740/2022	10-10-2022	Celebración voda civil o día 14 de outubro de 2022 ás 13:30 horas.
1741/2022	10-10-2022	Celebración voda civil o 15 de outubro de 2022 ás 13:30 horas.
1742/2022	10-10-2022	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de setembro de 2022 e de profesionais e alugueres do terceiro trimestre de 2022 e o seu pagamento.
1743/2022	11-10-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 12.083,16 euros
1744/2022	11-10-2022	Aprobación de certificación correspondente á obra “Mellora da seguridade viaria do camiño municipal nº 192 do P.K. 1+210 ao P.K.1-440. Cela. Cambre”, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 5.551,38 euros, así como o seu pagamento (cert núm. 2)
1745/2022	11-10-2022	Aprobación do padrón da auga – 3º trimestre 2022
1746/2022	11-10-2022	Resolución de acceso á información e remisión de documentación.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Solicitante: Grupo Municipal Popular
1747/2022	11-10-2022	Autorización para comparecencia no acto de conciliación obrigatorio a celebrar ante o Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación o 14.10.2022
1748/2022	13-10-2022	Arquivo da declaración de ruína de edificación sita nos Coruxos, San Lourenzo. Propiedade: M.V.F.C. e M.F.C.
1749/2022	13-10-2022	Aprobación da liquidación do IVE do terceiro trimestre de 2022 e o seu pagamento.
1750/2022	13-10-2022	Tramitación de Multas - 9950000027084 Acordos de inicio
1751/2022	13-10-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.T.M.R.
1752/2022	13-10-2022	Expediente de transferencia de crédito núm. 7/2022. Subvencións entidades sen ánimo de lucro cultura
1753/2022	13-10-2022	Reposición da legalidade urbanística pola realización en Aián (Sigrás) de actos consistentes en movementos de terras (desmontes e recheos), eliminación dunha fonte e un lavadoiro, e modificacións e soterramento do curso de auga superficie que percorre de forma natural a parcela. Propiedade: N.C.F.

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- Proposta de incoación de expediente para a imposición de penalidades á empresa ASFALGAL Técnicas Viarias SL por retirada da oferta no expediente "Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés)". Expediente 2022/C003/000007
- Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á subministración de libros a través da subvención para mellora das coleccións bibliográficas". Expediente 2022/C002/000112

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, é aprobada por unanimidade.

4.A) PROPOSTA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES Á EMPRESA ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L. POR RETIRADA DA OFERTA NO EXPEDIENTE "ARRANXO E POSTA EN VALOR DO CAMIÑO MUNICIPAL Nº 125 (CAMIÑO INGLÉS)". EXPEDIENTE 2022/C003/000007

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de outubro de 2022 (CVD: XPM0yGNim9qjsEDaNUv8), que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2022/C003/000007 para a adxudicación, polo procedemento aberto simplificado abreviado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, da obra de Arranxo e posta en valor do camiño municipal núm. 125 (Camiño Inglés) cun valor estimado de 44.545,46 euros e un orzamento base de licitación de 40.495,87 euros sen IVE, 49.000,00 euros IVE incluído.

Visto que con data de 11 de outubro de 2022, a Xunta de Goberno Local acordou “*excluír, de conformidade coa proposta formulada con data 29 de agosto de 2022 polo órgano de asistencia designado no presente expediente, á empresa ASFALGAL Técnicas Viarias SL da presente licitación (expediente núm. 2022/C003/000007) para adxudicar o contrato do Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés), atendendo ao seu escrito presentado con data de 14 de xullo de 2022 a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, dentro prazo concedido para a presentación da documentación xustificativa prevista da cláusula 16 do PCAP, previa á adxudicación do contrato, no que comunica “[...] que se nos fai imposible o poder executar a obra nomeada no encabezamento, na que fomos propostos como adxudicatarios [...]”*”.

O citado escrito debe equipararse a unha retirada da oferta xa que, ademáis de manifestar de forma expresa a súa vontade de non executar a obra adxudicada, non se cumprimentou, nin en todo nin en parte, o requirimento efectuado ao amparo da cláusula 16 do PCAP e do artigo 150.2 da LCSP, polo que procede a imposición da penalidade do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído (1.214,88 euros), por ter retirado a súa oferta dentro do prazo de dous meses dende a apertura das ofertas (do 1 de xullo ao 1 de setembro de 2.022); isto, en aplicación dos transcritos artigos 150.2 e 158.2 e 4 da LCSP”.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, (CVD: k4SGw6BVHcSO1PWtBv7D) que contén a proposta de incoación de expediente para a imposición penalidades á empresa ASFALGAL Técnicas Viarias SL por retirada da oferta no expediente Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés)”. Expte: 2022/C003/000007, que a seguir se transcribe:

“(...

Antecedentes.

Único: Con data de 10 de outubro de 2.022, a Xunta de Goberno Local acordou “*excluír, de conformidade coa proposta formulada con data 29 de agosto de 2022 polo órgano de asistencia designado no presente expediente, á empresa ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL da presente licitación (expediente núm. 2022/C003/000007) para adxudicar o contrato do Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés), atendendo ao seu escrito presentado con data de 14 de xullo de 2022 a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, dentro prazo concedido para a presentación da documentación xustificativa prevista da cláusula 16 do PCAP, previa á adxudicación do contrato, no que comunica “[...] que se nos fai imposible o poder executar a obra nomeada no encabezamento, na que fomos propostos como adxudicatarios [...]”*”.

O citado escrito debe equipararse a unha retirada da oferta xa que, ademáis de manifestar de forma expresa a súa vontade de non executar a obra adxudicada, non se cumprimentou, nin en todo nin en parte, o requirimento efectuado ao amparo da cláusula 16 do PCAP e do artigo 150.2 da LCSP, polo que procede a imposición da penalidade do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído (1.214,88 euros), por ter retirado a súa oferta dentro do prazo de dous meses dende a apertura das ofertas (do 1 de xullo ao 1 de setembro de 2.022); isto, en aplicación dos transcritos artigos 150.2 e 158.2 e 4 da LCSP”.

Lexislación aplicable.

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (Lei 39/2015).

Consideracións xurídicas.

Primeiro.- Natureza e procedemento aplicable.

Tal e como se deriva do transcrito acordo da Xunta de Goberno Local, procede a imposición de penalidades do 3% do orzamento base de licitación á empresa ASFAGAL Técnicas Viarias SL, por ter retirada a súa oferta dentro do prazo de dous meses dende a apertura das ofertas.

Respecto da natureza das penalidades e o procedemento aplicable pronunciouse a Xunta Consultiva da Comunidade Autónoma de Aragón, no seu informe 8/2018, de 11 de abril, onde indica:

"(...) El concepto jurídico de "penalidades" del contrato ha sido interpretado por la doctrina jurisprudencial, en ella se ha consolidado el criterio de su naturaleza contractual (...).

(...) el TS lo estima, revoca la sentencia apelada y declara que la cláusula penal por la que se sancionó a tal entidad, no significa que se haya de situar a la Administración en el plano del derecho administrativo sancionador, ni que se ejercite la potestad sancionadora, sino que pura y simplemente se da o se exige el derecho de uno de los contratantes respecto del otro de unas previsiones contractuales. El citado Tribunal Supremo, entre otras resoluciones, en Sentencia de 18 de mayo de 2005, señala que «no son sanciones en sentido estricto, sino que constituyen un medio de presión para asegurar el cumplimiento regular de la obligación a modo de cláusula penal del artículo 1152 del Código Civil.»

(...) e «no son sanciones en sentido estricto, sino que constituyen un medio de presión para asegurar el cumplimiento regular de la obligación a modo de cláusula penal del artículo 1152 del Código Civil.»

(...)

En todo caso, tengan naturaleza cercana a la multa coercitiva u ostenten el carácter de penalidad obligacional, nuestro ordenamiento jurídico carece de un procedimiento específico general para su tramitación e imposición, lo que obliga a acudir al procedimiento administrativo general".

Atendendo aos principios de contradición e de igualdade dos interesados que debe presidir todo procedemento administrativo (artigo 75.4 da Lei 39/2015), procede conceder ao licitador ASFAGAL Técnicas Viarias SL un trámite de audiencia, por un prazo de dez días hábiles dende o seguinte ao da notificación, no que poderá alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes (artigo 82 da Lei 39/2015).

Segundo.- Órgano competente.

O alcalde, en resolución 1324/2019, 1 de xullo, de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local, resolveu:

"Primeiro: *Delegar na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións desta Alcaldía que a continuación se relacionan:*

1. As competencias como órgano de contratación respecto de:

- os contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

- a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos administrativos do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Esta competencia delegada levará aparellada a de autorizar e dispoñer os gastos correspondentes contra partidas orzamentarias cuxa xestión lle corresponda, en virtude do establecido nos artigos 116.5 e 117.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e demais actos e trámites que, en xeral, a normativa vixente atribúe ao órgano de contratación, con excepción das competencias delegadas mediante Resolución desta Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, na concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, respecto da dirección e xestión administrativa da contratación local, as competencias que o artigo 118 da LCSP atribúe ao órgano de contratación na tramitación dos contratos menores, e a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes nos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros IVE excluído.

(...)"

Conclusión.-

Por canto antecede, propónse á concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos eleve á Xunta de Goberno de Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Incoar expediente para a imposición da **penalidade de 1.214,88 euros** (correspondente ao 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, 40.495,87 euros) á empresa **ASFALGAL Técnicas Viarias SL**, por considerar que o escrito presentado con data de 14 de xullo de 2022, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, dentro prazo concedido para a presentación da documentación xustificativa prevista da cláusula 16 do PCAP, previa á adxudicación do contrato, no que comunica "[...] que se nos fai imposible o poder executar a obra nomeada no encabezamento, na que fomos propostos como adxudicatarios [...]", debe equipararse á retirada da oferta xa que, ademais de manifestar de forma expresa a súa vontade de non executar a obra adxudicada, non se cumprimentou, nin en todo nin en parte, o requirimento efectuado ao amparo da cláusula 16 do PCAP e do artigo 150.2 da Lei 9/2017. A dita retirada da oferta produciuse dentro do prazo de dous meses dende a apertura das ofertas, que tivo lugar o 1 de xullo de 2022.

Isto, de conformidade co segundo parágrafo do artigo 150.2 da Lei 9/2017 ("De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía provisional, se se constituíu, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71") en relación co artigo 158 do mesmo corpo normativo, nos seus apartados 2 ("Cando para a adxudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, ou utilizándose un único criterio sexa leste o do menor custo do ciclo de vida, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións, salvo que se establecese outro no prego de cláusulas administrativas particulares") e 4 ("De non producirse a adxudicación dentro dos prazos sinalados, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición, e á devolución dá garantía provisional, de existir esta").

Segundo: Conceder un trámite de audiencia á empresa ASFALGAL Técnicas Viarias SL, por un prazo de dez días hábiles dende o seguinte ao da notificación do presente acordo, durante o cal poderá alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Isto, segundo o artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Terceiro: Notificar á empresa ASFALGAL Técnicas Viarias SL con indicación de que, por tratarse dun acto de trámite, contra o mesmo non cabe recurso, sen prexuízo de que a oposición ao dito acto poida alegarse para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

Isto, segundo o artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (...).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Incoar expediente para a imposición da penalidade de 1.214,88 euros (correspondente ao 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, 40.495,87 euros) á empresa **ASFALGAL Técnicas Viarias SL**, por considerar que o escrito presentado con data de 14 de xullo de 2022, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, dentro prazo concedido para a presentación da documentación xustificativa prevista da cláusula 16 do PCAP, previa á adxudicación do contrato, no que comunica “[...] que se nos fai imposible o poder executar a obra nomeada no encabezamento, na que fomos propostos como adxudicatarios [...]”, debe equipararse á retirada da oferta xa que, ademais de manifestar de forma expresa a súa vontade de non executar a obra adxudicada, non se cumprimentou, nin en todo nin en parte, o requirimento efectuado ao amparo da cláusula 16 do PCAP e do artigo 150.2 da Lei 9/2017. A dita retirada da oferta produciuse dentro do prazo de dous meses dende a apertura das ofertas, que tivo lugar o 1 de xullo de 2.022.

Isto, de conformidade co segundo parágrafo do artigo 150.2 da Lei 9/2017 (“De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirille o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía provisional, se se constituíu, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71”) en relación co artigo 158 do mesmo corpo normativo, nos seus apartados 2 (“Cando para a adxudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, ou utilizándose un único criterio sexa leste o do menor custo do ciclo de vida, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións, salvo que se establecese outro no prego de cláusulas administrativas particulares”) e 4 (“De non producirse a adxudicación dentro dos prazos sinalados, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición, e á devolución da garantía provisional, de existir esta”).

Segundo: Conceder un trámite de audiencia á empresa ASFALGAL Técnicas Viarias SL, por un prazo de dez días hábiles dende o seguinte ao da notificación do presente acordo, durante o cal poderá alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Isto, segundo o artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Admnsitrativo Común das Administracións Públicas.

Terceiro: Notificar á empresa ASFALGAL Técnicas Viarias SL con indicación de que, por tratarse dun acto de trámite, contra o mesmo non cabe recurso, sen prexuízo de que a oposición ao dito acto poida alegarse para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

Isto, segundo o artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de outubro de 2022 (CVD: XPM0yGNim9qjsEDaNUv8), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.B) PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR CORRESPONDENTE Á SUBMINISTRACIÓN DE LIBROS A TRAVÉS DA SUBVENCIÓN PARA MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS”. EXPEDIENTE 2022/C002/000112

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de outubro de 2022 (CVD: E+hfr3uJnBwAY2ZGoaX), que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente tramitado para a contratación, como contrato menor correspondente á subministración de libros a través da subvención para mellora das coleccións bibliográficas.

Visto a proposta e informe de necesidade asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, con data 25 de setembro de 2022 (CVD: uMgWFWL2UJU1H83R6GsU).

Visto que con data 30/08/2022 realizouse a retención de crédito con número de operación 2202005866, por importe de 7.475,71 euros con cargo a aplicación 3321 62900 22022002804. (CVD: fk9ltKbXr8ipFnPg2TMO) no que consta entre outro:

“(…)

Primeiro: No expediente foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- Ermitas Valencia Romar, de LIVRARÍA SUÉVIA
- Paula Veira Porto, de LIBRERÍA LUME
- Ler Librerías – O Temple (Un sueño del valle, S.C.)

Segundo: Presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Ermitas Valencia Romar, de LIVRARÍA SUÉVIA	6.109,85 €	6.354,24 €
Paula Veira Porto, de LIBRERÍA LUME	6.355,09 €	6.609,29 €

Terceiro: Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo **PROPOÑO:**

Adjudicar o contrato menor correspondente á subministración de LIBROS PARA A MELLORA DAS COLECCIÓN a empresa Ermitas Valencia Romar, de LIBRERÍA SUÉVIA, con NIF 46899732H e domicilio na rúa Vila de Negreira,32– 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 6.109,85 € sen IVE, 6.354,24 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo

“(…)”

Visto o informe de selección de contratista asinado polo bibliotecario-arquiveiro, coa conformidade de o coordinador de actividades culturais e educativas, de data 06 de outubro de 2022

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xera coa conformidade da secretaria xeral, con deata 11 de outubro 2022 (CVD: EqujqtlPS8422+BYLVC) no que informa desfavorable o expediente.

Consta informe de fiscalización desfavorable con efectos suspensivos, número NUM 390/2022 - REPARO 128 R, de data 14 de outubro (CVD: 62y8NTGnYNMIE/g9hrX).

Visto o informe emitido polo bibliotecario-arquiveiro con data 17 de outubro de 2022, (CVD: YDd9Gkr8Lg3Gh4NMh5hv) e tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 1770/2022 de data 18/10/2022, (CVD: EhB5dlzpHEQxnxTWSQP) na que se levantan os reparos formulados pola Intervención Municipal.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Adxudicar o contrato menor correspondente a subministración de libros a través da subvención para mellora das coleccións bibliográficas" á empresa Ermitas Valencia Romar, de LIBRERÍA SUÉVIA no prezo ofertado de 6.109,85 € sen IVE, 6.354,24 € IVE incluído. Expediente núm. 2022/C002/000112.

Segundo: Designar como responsable do contrato ao bibliotecario-arquiveiro, don Gaspar Domínguez Méndez, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións a ditar as instrucións necesarias con de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Terceiro: Notifíquese ao bibliotecario-arquiveiro, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos

Cuarto: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de outubro de 2022 (CVD: E+hfr3uJnBwAY2ZGoaX), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai ningún rogo e ningunha pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e oito minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo